REPRESENTANTES DO ALUMNADO: DELEGADOS/AS DE GRUPO

Os delegados/as teñen recoñecidas as seguintes **<u>funcións</u>**:

1. Representar aos seus compañeiros e compañeiras de grupo.
2. Informar ao alumnado do grupo das cuestións que lles afecten.
3. Asistir ás reunións ás que foron convocados, entre elas ás da xunta de delegados/as, así como participar nas súas deliberacións.
4. Expoñer a quen corresponda as suxestións e reclamacións do grupo ao que representa.
5. Fomentar a convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
6. Colaborar co profesorado e co equipo directivo do instituto para o bo funcionamento do centro.
7. Representar ao grupo nas reunións que se teñan co profesorado.

Os delegados/as e representantes no Consello Escolar non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións.

<u>Elección do delegado/a.</u>

Cada grupo de alumnos e alumnas elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable, un delegado/a de grupo que formará parte da xunta de delegados e delegadas. Elixirase tamén un subdelegado ou subdelegada, que substituirá ao delegado/a no caso de ausencia e serviralle de apoio nas súas funcións. As eleccións terán lugar preferiblemente na segunda quincena de setembro ou na primeira de outubro.

As eleccións de delegados/as serán convocadas pola xefatura de estudos e organizadas por esta en colaboración cos titores e titoras e cos representantes do alumnado no Consello Escolar.

No caso de non contar coa maioría, o titor/a deberá presentar unha proposta xustificada ante a xefatura de estudos para revogar o posto de delegado/a. Neste caso procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de 15 días e de acordo co establecido no apartado anterior.

A designación dos delegados/as e subdelegados/as poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ao titor/a, pola maioría absoluta dos alumnos/as que os elixiron. Poderase revogar por decisión do titor/a por condutas contrarias ás normas de convivencia. O titor/a poderá presentar por iniciativa propia unha proposta xustificada ante a xefatura de estudos para revogar o posto de delegado/a.

Para a elección formarase unha mesa electoral que estará presidida polo titor ou titora da que tamén formarán parte dous alumnos/as do grupo, que serán o de maior e menor idade. Resultará elixido/a delegado/a o candidato que acade máis votos e será subdelegado/a o seguinte máis votado/a. Serán elixibles todos os alumnos ou alumnas da aula, segundo as normas establecidas polo centro a principios de curso.